

## **INFORMACIÓN SOBRE O SERVIZO DE VENTA DE LIBROS DE TEXTO** **CURSO 2021-2022**

Estimadas familias:

Un ano máis a librería do Colexio ofrece a posibilidade de reservar os libros de texto dos alumnos.

**As familias que estean interesadas en mercar os libros no Colexio, poderán facelo a través de Alexia dende o 23 de xuño ata o 12 de xullo, ambos incluídos.**

**Estarán dispoñibles para a compra tódolos libros necesarios, mais non a Axenda Escolar. Nos cursos nos que é obrigatoria (Primaria 3º, 4º, 5º e 6º) dita Axenda Escolar, porase a disposición dos nenos na súa aula o primeiro día de clase.**

Unha vez feita a reserva, non se admitirán devolucións ou cambios, salvo ás familias de ESO e Primaria que soliciten Fondo de Libros. Nestes casos o Colexio modificará o pedido según os libros que lles outorgue a Xunta.

As familias recibirán un agasallo, no momento de recoller os libros.

Para todas os/as nenos/as de Infantil, de Primaria, de BACH e **da ESO que NON pidan libros ó fondo de libros, os libros poderán ser recollidos na aula habilitada no Colexio desde o 03 de setembro 2020 ata o 8 de setembro en horario de 11h a 13h** de luns a venres.

Para as familias da ESO **que SÍ pidan libros ao fondo de libros**, o pedido no Colexio non poderá entregarse ata despois da saída das listaxes definitivas de Fondo de Libros (**15 de setembro**). Polo tanto, a estes alumnos entregaráselles os libros durante os 3 primeiros días de clase.

O pago dos libros de textos farase mediante un UNICO RECIBO BANCARIO o día 25 de outubro de 2020 co importe total polos libros comprados, descontando o importe de axuda outorgado pola Xunta, no seu caso.

O pago da Axenda Escolar nos cursos nos que é obrigatoria (Primaria 3º, 4º, 5º e 6º) farase mediante recibo bancario o día 05 de setembro de 2020. O prezo da Axenda é de 9 €.